

Artigo

- Existen dous tipos de artigos en galego: o determinado e o indeterminado.

Artigo determinado

- Os artigos determinados (**o, a, os, as**) utilízanse cando falamos de algo en concreto, que é único ou que xa se mencionou antes.

- *Imos alugar **a** casa de meus pais.*
- *Trouxeron **o** coche de sempre.*

- Tamén o empregamos cando nos referimos a un aspecto ou a unha parte dun país ou dunha rexión, coas formas de tratamento e cos títulos: **o** Exipto antigo, **a** Galicia actual, **a** doutora Fidalgo, **o** señor González.

- O artigo determinado contrae coas preposicións **a, con** e **de**, e coa conxunción comparativa **ca**, formando:

	o	a	os	as
a	ao (ó)*	á	aos (ós)*	ás
con	co	coa	cos	coas
de	do	da	dos	das
ca	có	cá	cós	cás

* Aínda que na escrita poida representarse de dúas formas, a única pronuncia correcta é **ó/ós**.

- Existe tamén unha segunda forma do artigo determinado (**lo, la, los, las**) que se emprega obrigatoriamente tras da preposición **por** (*Imos **polo** monte*) e do adverbio **u** (*U-los mozos que chegaron?*).

- Ademais destes contextos, a segunda forma do artigo pode aparecer nos seguintes casos:

- 1) Despois das formas verbais rematadas en **-r** ou **-s**:
 - *Non **compartímo-la** mesa con eles.* (Compartimos + a)
 - *Debes **deixa-los** libros no estante.* (Deixar + os)
- 2) Despois dos pronomes enclíticos **-nos, -vos, -lles**, e dos pronomes tónicos **nós** e **vós**:
 - ***Déuno-lo** diñeiro que faltaba.* (Deunos + o)
 - ***Vó-los** tres seguídeme.* (Vós + os)
- 3) Despois de **ambos/as, entrambos/as, todos/as, tras, (e) mais**:
 - ***Ámbalas** estudantes eran de Porriño.* (Ambas + as)
 - ***Entrámbolos** dous fixemos o traballo.* (Entrambos + os)
 - ***Tódolos** días facía o mesmo.* (Todos + os)
 - *Vinos **tralo** hórreo.* (Tras + o)
 - *Fomos eu e **maila** tía de Luísa.* (E mais + a)

Artigo indeterminado

- Usamos os artigos indeterminados (**un, unha, uns, unhas**) para mencionar algo por primeira vez, cando non sabemos se existe ou para identificar ou valorar alguén pola súa profesión.
 - *Queremos mercar **unha** casa en Sanxenxo.*
 - *Tes **un** cincheiro por aquí?*
 - *A súa muller é **unha** xornalista moi coñecida.*

Casos de omisión do artigo

- En xeral, os artigos non se usan cos substantivos propios (nomes de persoas, de continentes, de países e de cidades), agás cando forma parte do nome: **A Habana, O Cairo** etc. Con algúns países, o uso do artigo é opcional: **(A) India, (O) Brasil, (O) Perú** etc.
- Tampouco empregamos o artigo cando falamos dunha categoría ou de substantivos non contables.
 - *Tes **coche**?*
 - *Merca **sal** cando vajas ao súper.*
 - *Neccesito **leite** para facer a sobremesa.*

As contraccións

Cando as formas do artigo van seguidas de determinadas palabras prodúcese a contracción nunha única forma. Nalgúns casos esa contracción dáse na fala e tamén na escrita, é o que sucede cando o seguen as seguintes preposicións:

Prep Art	A	CON	DE	EN	POR
o	ao / ó	co	do	no	polo
A	á	coa	da	na	pola
os	aos / ós	cos	dos	nos	polos
AS	ás	coas	das	nas	polas

Porén, coa conxunción copulativa CA pódese optar por escribir as formas separadas ou contraídas: *ca a (cá), ca o (có), ca as (cás), ca os (cós)* (*É máis incerto ca o prognóstico do tempo ou é máis incerto có prognóstico do tempo*).

*Tanto no caso da contracción con **CA** como da contracción con **A**, estas deben realizarse sempre na fala, aínda que na escrita se escriban as formas plenas*